

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 6/2022

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 23 DE MARZO DE 2022

ORDE DO DÍA

- 1.- Concesión Medalla da Cidade. Expte. 18980/101. Expte. Pleno 3350/1101.
- 2.- Nomeamento de Vigueses Distinguidos. Expte. 18981/101. Expte. Pleno 3351/1101.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Caballero Álvarez Abél Ramón
 Aguiar Castro Yolanda
 Aneiros Pereira Jaime
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores
 Caride Estévez María José
(incorpórase ás 9.14 h.)
 Espinosa Mangana Elena
 Fernández Pérez José Manuel
 Gómez Díaz Gorka
 Iglesias González Ana Laura
 Lago Barreiro María del Carmen
 López Font Carlos
 Losada Alvarez Abel Fermín
 Mejías Sacaluga Ana María
 Pardo Espiñeira Francisco Javier
 Rivas González Ángel
 Rodríguez Calviño Patricia
 Rodríguez Díaz Santos Héctor
 Rodríguez Rodríguez Nuria
 Silva Rego M^a Carmen

Egerique Mosquera Teresa
 López Román Patricia
 Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
 Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Estévez Rodríguez Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e tres de marzo do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 1 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.(44).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 18980/101. EXPTE. PLENO 3350/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de marzo de 2022, a concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta:

“I. ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- No seu artigo 7, o dito Regulamento establece como distinción a Medalla da Cidade e o seu artigo 3 establece que se poderá propoñer aos candidatos/as por mor de moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de Concelleiros e Concelleiras igual á maioría absoluta.

CUARTO.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 30.05.2016, establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

QUINTO.- Con data 17 de marzo de 2022 celebrouse Xunta de Voceiros/as co obxecto de evacuar o trámite de consulta previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, comunicándose a proposta de conceder a Medalla da Cidade.

SESTO.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 17 de marzo de 2022, a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 2 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Xestión municipal, Patricia Rodríguez Calviño, ordea o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión da Medalla da Cidade 2022, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

PROPOSTA

A) Medalla da Cidade

A proposta do presente ano 2022 de galardoadada a motivación e méritos para outorgar as distincións á candidata para recibir a Medalla da Cidade 2022 é Dona Isabel Pardo de Vera

B) Motivación para outorgar a distinción a

Dona Isabel Pardo de Vera:

Pola súa contribución e impulso ao transporte ferroviario de Vigo, gran impulsora dende a súa posición da saída sur e conexión alta velocidade con Oporto, AVE por Cerdedo, impulsora do estudo hidroxeolóxico e a súa contribución a construción da estación de Alta Velocidade marcou un fito histórico que cambiou a forma de entender Vigo e sacalo do seu illamento ferroviario.

Tras traballar no sector privado da enxeñería e consultoría de proxectos de infraestruturas ferroviarias e de carreteras, ingresa en Adif a través da Oferta de Empleo Público no ano 2007. Dende aquel momento e ata 2015, desempeña postos sucesivos de Dirección de Obra, xefa de Infraestruturas e xerente de Área na construción da Línea de Alta Velocidade Madrid-Galicia.

En xuño del de 2016 se reincorpora ao ente ferroviario como número dous da entidade, compatibilizando o cargo de directora xeral de Explotación e Construción de Adif có de directora xeral de Adif Alta Velocidade, cargos que desempeña ata que en xuño de 2018 é nomeada presidenta de ambas entidades públicas. Actualmente é secretaria de estado de transportes, mobilidade e axenda urbana.

C) Incidencia económica

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

D) Competencia

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 3 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo, a proposta da Concellería de Xestión Municipal, e no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación, arts. 127 da Lei 7/85 e Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, e resolución de alcaldía de data 16 de abril de 2021, e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de abril de 2021 de modificación de competencias

De conformidade co exposto, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO..."

Deseguido a concelleira informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de marzo de 2022, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, emite o correspondente informe xurídico.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual á Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO.

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión da Medalla da Cidade 2022 a Dona Isabel Pardo de Vera pola súa pola súa contribución e impulso ao transporte ferroviario de Vigo, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 4 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

atención aos especiais e importantes méritos que concorren na entidade proposta e que se conteñen na parte expositiva deste informe-proposta.

SEGUNDO.- “Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

2.(45). NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 18981/101. EXPTE. PLENO 3351/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de marzo de 2022, a concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta:

“ANTECEDENTES

I.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo

II.- En aplicación do artigo 5.3. do Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo plenario de 29 de setembro de 1981, a Comisión de goberno do 14 de marzo de 1988 (actualmente Xunta de Goberno Local), aprobou a institucionalización do nomeamento de “Vigués Distinguido” para galardoar “á persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vagueses famosos, populares e mesmo, nalgúns casos, persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría.

III.- Mediante instrución de servizo de data 17 de marzo de 2022, a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, Patricia Rodríguez Calviño, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión dos galardóns de “Viguesas e Vagueses Distinguidas/os 2022”, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

IV.-O Regulamento Orgánico do Pleno aprobado polo citado órgano o 30.05.2016 establece no seu artigo 28.4 como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

V.- Na mesma data 17.03.2022 celebrouse Xunta de Voceiros/as extraordinaria co obxecto de evacuar o trámite de consulta aos grupos políticos con representación no Pleno, previsto no artigo 28.4 Regulamento Orgánico do Pleno, e co obxecto de tratar como único punto na orde do día a concesión das distincións de Viguesas e Vagueses Distinguidos e da Medalla da Cidade.

PROPOSTA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 5 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A) Distinguid/as/os

A proposta do presente ano 2022 de galardoadas/os, a motivación e méritos para outorgar as distincións aos candidatos e candidatas aos galardóns Viguesas e Vigueses distinguidos 2022 son é a que de seguido se indica:

- EX AEQUO OS CENTROS ESCOLARES CON MAIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE:

1.- COLEXIO PLURILINGÜE DON BOSCO SALESIANAS VIGO (50º ANIVERSARIO)

2.- CEIP RÍA DE VIGO

3.- CEIP SAN SALVADOR DE TEIS

4.- CEIP EDUARDO PONDAL

- EX AEQUO CENTROS FORMACIÓN PROFESIONAL CON MÁIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE.

5.- CENTRO EDUCATIVO MARCOTE ACEIMAR

6.- COLEXIO VIVAS

7.- COLEXIO FOGAR AFUNDACIÓN

8.- POLITÉCNICA MARÍTIMO-PESQUEIRA DO ATLÁNTICO

- EX AEQUO ASOCIACIÓN VECIÑAIS polos seus 50º e 40º aniversarios respectivamente.

9.- CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES

10.- CENTRO ALBORADA

- EX AEQUO IN MEMORIAM

11.- CARLOS ALONSO COMESAÑA (SAN ANDRÉS DE COMESAÑA) polo seu labor na asociación de veciños de San Andrés de Comesaña.

12.- JOSÉ GARCÍA LÓPEZ "PEPE XEITO" polo seu labor e súa participación activa facendo de Cachamuíña na Reconquista e polo seu traballo polo Casco Vello.

13.- VICENTE RODRÍGUEZ ABEIJÓN gran músico e compositor vigués

14.- ANTÓN COSTAS COMESAÑA (PRESIDENTE DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL) polo seu prestixio como economista, estudoso e divulgador da economía de Vigo e polo seu gran compromiso coa Cidade.

15.- DOMINGO VILLAR VÁZQUEZ (ESCRITOR) escritor de renome, autor de novela negra con libros traducidos a moitos idiomas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 6 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

16.- ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ arquitecto vigués

17.- BEGOÑA VILA COSTAS (ASTROFÍSICA DA NASA). Astrofísica viguesa especializada no estudo de galaxias espirais

18.- ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS, dende o ano 1988 impartindo docencia na Cidade, nove linguas, seis mil alumnos e diversas delegacións pola comarca de Vigo. Gran actuación no ámbito cultural de Vigo.

19.- ASOCIACIÓN MUTUALISTA DE RESIDENTES DE VIGO DE BUENOS AIRES

20.- UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA DE CABRAL polo seu 75º aniversario formou centos de xogadores e xogadoras de Vigo. Referente en Galicia polo seu traballo no ámbito deportivo

B) Motivación para outorgar a distinción

- EX AEQUO OS CENTROS ESCOLARES CON MAIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE:

1.- COLEXIO PLURILINGÜE DON BOSCO SALESIANAS VIGO

Este centro educativo comezou a súa andaina como escola infantil no ano 1972 nunha zona do barrio vigués de Coia.

No ano 1992 comeza a impartir a Educación Primaria e en 1998 Educación Secundaria Obrigatoria.

O seu proxecto educativo está baseado en acompañar ao alumnado na construción do seu proxecto de vida persoal mediante unha educación integral: adquisición de coñecementos, competencias e valores.

2.- CEIP RÍA DE VIGO

Atópase en Oia, preto das praias de Canido gozando dunha privilexiada situación en contacto directo e permanente co mar, e con patios e demais instalacións en perfectas condicións para o seu uso e disfrute. Dispón de zonas de recreo axeitadas a cada etapa educativa.

O Proxecto Educativo aposta por un ensino activo e participativo, por unha formación integral en valores, e busca a maior presenza do Centro na vida da comunidade á que dá servizo. Na etapa de Educación Infantil impártense clases de lingua inglesa, educación musical e psicomotricidade, sendo atendidos polos respectivos mestres especialistas

3.- CEIP SAN SALVADOR DE TEIS

O CEIP San Salvador ten como obxectivo prioritario favorecer a formación integral do alumnado. Para levalo a cabo dispón dun entorno privilexiado, dun equipo profesional comprometido e dunha ANPA implicada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 7 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O centro situado no Outeiro do Sino, dispón de espazos naturais como “o estanque” que invita á lectura, a investigación e a relaxación; unha “pasarela-miradoiro” cunhas vistas impresionantes de toda a cidade de Vigo; un acceso directo dende o colexio ao Parque da Riouxa (sendo un “aula natural” para o alumnado) e, a súa vez, conectados con todos os servizos da cidade de Vigo, establecendo un vínculo especial co barrio de Teis.

4.- CEIP EDUARDO PONDAL

O CEIP Eduardo Pondal é un colexio público sito no barrio de Sampaio, a tres minutos do Calvario e a cinco minutos de zonas de Vigo tan coñecidas como a Travesía de Vigo ou Ramón Nieto.

Entende a educación como un proceso de desenvolvemento das capacidades de cada alumno e alumna, calquera que estas sexan; por iso todos e todas teñen cabida, todos aportan e todos intercambian as súas experiencias e os seus descubrimentos, vivencias, inquietudes, interrogantes... por iso o método de aprendizaxe é activo e interactivo, cunha organización flexible da escola e das clases facendo do alumnado o auténtico protagonista do proceso de aprendizaxe. Por todo elo é unha ensinanza moderna, activa, creativa, globalizadora, plural, multicultural e integradora.

- EX AEQUO CENTROS FORMACIÓN PROFESIONAL CON MÁIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE.

5.- CENTRO EDUCATIVO MARCOTE ACEIMAR (59 anos)

O colexio Marcote é un centro con máis de 55 anos de experiencia docente e uns resultados altamente satisfactorios. Imparten todos os niveis educativos a través de grupos reducidos para que a experiencia educativa poida ser totalmente personalizada e adaptada a todas as necesidades desde aqueles con necesidades educativas especiais ata aqueles que buscan a excelencia académica.

6.- COLEXIO VIVAS (87 anos)

A historia do Colexio Vivas iníciase no ano 1935 e polo centro pasaron máis de oitenta xeracións que foron deixando a súa pegada, ampliando a experiencia e configurando o que hoxe é o centro Vivas, un centro en consonancia coas últimas correntes educativas máis innovadoras.

O obxectivo do profesorado é a de preparar ao alumnado non só para aprender e transmitir coñecementos senón tamén a saber aplicarlos e estar permanentemente en formación

7.- COLEXIO FOGAR AFUNDACIÓN (74 anos)

O Centro de Formación Profesional Colexio Hogar Afundación, naceu en 1948 co nome de Colexio Hogar San Roque, o nome do santo púxose porque o lugar onde se edificou era o terro San Roque e o cualificativo de “Hogar” púxose para que esta casa se convertese nun auténtico lar onde aqueles nenos desvalidos encontrasen alimento, cariño, educación e futuro profesional, e se constitúe hoxe como un centro de formación profesional de referencia na provincia de Pontevedra. Toda a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 8 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sua actividade desenrolase neste campo, adquirindo unha gran capacidade de adaptación aos diversos plans.

8.- POLITÉCNICA MARÍTIMO-PESQUEIRA DO ATLÁNTICO

O centro vigués de formación marítima é considerado a “alma mater” na formación profesional neste ámbito.

Creado no ano 1965 imparte cursos de capitán de pesca, ciclo superior de navegación pesca e transporte marítimo e de supervisión e control de máquinas e instalacións de buques entre outras especialidades.

Baseándose no coñecemento da tipoloxía de alumnos así como mantendo unha comunicación permanente co sector que demanda novos profesionais, realizan un enfoque dentro das súas materias para cumprir cos requerimentos de ambos. Con isto tratan de conseguir a satisfacción plena tanto dos alumnos como das empresas contratantes.

O fin último das súas actividades é formar os mellores profesionais, capacitándoos para o exercicio seguro das súas funcións no mar.

Este obxectivo último desprégase de forma anual en obxectivos concretos e documentados que deben servir de directrices para todos os integrantes do centro

- EX AEQUO ASOCIACIÓNS VECIÑAIS polos seus 50º e 40º aniversarios respectivamente.

9.- CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES (51 anos)

Recoller os datos do movemento veciñal dunha parroquia con tanto dinamismo non é doado, o que hoxe é coñecido como Centro Veciñal e Cultural de Valadares deu os seus primeiros pasos sobre os cimentos que deixou a antiga escola unitaria, cando un grupo de emprendedores veciños da parroquia decidiron impulsar o Teleclub, que dende un principio alimentou as inquiredanzas intelectuais, ben ensaiando co teatro ou cantando na coral, todo iso compaxinado coa atención a cantina do centro que foi o motor económico, conxuntamente coa venda de rifas así como a achega economía dos primeiros socios. Todo isto foi crescendo e evolucionando ata crear o que é na actualidade o “Centro Veciñal e cultural de Valadares”.

10.- CENTRO ALBORADA (40 anos)

En 1982, a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga, en Vigo, comenzo a súa laboura preventiva, asistencial e de incorporación social no campo das drogodependencias, coa apertura da Comunidade Terapéutica Alborada, en Tomiño. Rapidamente se lle foron sumando a Unidade Asistencial de Drogodependencias e o Centro de Día.

A asociación viguesa Alborada non traballa só na atención de drogodependencias e de adiccións sin sustancia como ludopatías ou abuso do móvil, senón que xestiona tamén dende hai 20 anos un centro de día de menores, que atende aos adolescentes “en conflito” pola súa situación persoal, social ou familiar e que lles



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 9 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

deriva a Consellería de Política Social. Dende a súa apertura atenderon xa a 900 menores de idade, tanto de familias con nivel económico e cultural alto como con poucos recursos.

- EX AEQUO IN MEMORIAM

11.- CARLOS ALONSO COMESAÑA (SAN ANDRÉS DE COMESAÑA) polo seu labor na asociación de veciños de San Andrés de Comesaña.

(veciño e comuneiro de San Andrés de Comesaña impulsor dos montes de Vigo como espazo de benestar o servizo dos cidadás e moi comprometido co Comesaña Sporting Clube)

Carlos Alonso, amosouse participativo dende neno nas activades ao uso na época pre-democrática, así tras xogar unha tempada nos infantís do F.C. Coruxo foi un atleta destacado no Comesaña S.C., pero sería coa chegada da democracia cando a súa vocación de servizo á comunidade especialmente para coas persoas non tan favorecidas a que lle empurraría a dirixir as veces, outras a colaborar, nas entidades mais representativas da parroquia, participando xunto con moitos outros na construción da actual sede do centro social logrando equiparar a San Andrés con outras parroquias do entorno como Valadares e o seu mítico Teleclub, é un auténtico exemplo da forza do compromiso social silencioso en primeiro lugar polo seu pobo, San Andrés de Comesaña e pola cidade de Vigo, deixando unha fonda pegada polos camiños que fixo na súa andaina na parroquia de Comesaña. Sirvan estas liñas de recordo para unha vida de entrega e espello no que mirarse para seguir crendo no traballo comunitario como forma de progreso.

12.- JOSÉ GARCÍA LÓPEZ “PEPE XEITO” polo seu labor e súa participación activa facendo de Cachamuíña na Reconquista e polo seu traballo polo Casco Vello.

(dinamizador da festa a Reconquista de Vigo e representou a Cachamuíñas durante anos e responsable importante do Centro Comercial Coia 4)

Pepe Xeito, fruteiro de tódala vida no centro comercial Coia 4, foi un icono da festa da Reconquista de Vigo, un gran dinamizador da cultura popular viguesa, actor da popular festa nun evento no que ata a data foi a persoa que máis veces representou a Cachamuíña. Home loitador e traballador, comprometido ata o último alento, implicado en todas as boas causas, na recuperación e mantemento das nosas tradicións, co idioma, coa música, co canto, co baile, tamén era membro do Coro de mariñeiros de O Berbés.

13.- VICENTE RODRÍGUEZ ABEIJÓN gran músico e compositor vigués

(músico, compositor e escritor e membro do Consello da Cultura Galega pola súa adicación e dinamización da música coral)

O músico, escritor e profesor trasladouse de neno coa súa familia a Vilagarcía de Arousa, onde iniciou os estudos musicais na Academia Municipal de Música da localidade e logo solfeo de xeito privado co músico profesional Xerónimo Gargallo. Xa en Vigo, termina a especialidade de Linguaxe musical no Conservatorio Superior da cidade, que simultánea con estudos de guitarra clásica, canto e armonía. A súa paixón pola música o fai que de adique as corais e dirixe a do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 10 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Centro Cultural de Teis durante 15 anos, e en 1979 funda la xunta xestora, que sería o embrión da Federación Coral Galega (Fecoga), organiza festivais corais e cursos de canto; pon en marcha un arquivo coral; promove concursos de composición coral galega e funda la revista *Galicia Cantat*. director-fundador del Coro Universitario de Vigo. En cuanto a os coros infantís e xuvenís, traballa sucesivamente co coro do colexio Vista Alegre, Hermanas Carmelitas e Bembrive, sendo a súa actividade incansable. Puxo en marcha a Coral de Candeán, o Coro Municipal de Gondomar e o Coro Máximo Gorki; e levou a cabo o Coro de Pensionistas de Pi y Margall, dirixiu a Coral Polifónica Helios de Bembrive durante case 45 años. Durante moitos anos foi membro do Consello da Cultura Galega. Incansable traballador da cultura, coa súa morte deixa orfanos a miles de voces en Galicia.

14.- ANTÓN COSTAS COMESAÑA (PRESIDENTE DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL) polo seu prestixio como economista, estudoso e divulgador da economía de Vigo e polo seu gran compromiso coa Cidade.

Presidente do consello económico e social de España. Nado en San Pedro de Matamá este economista Vigués, graduase primeiro como enxeñeiro Técnico Industrial en Vigo, para licenciarse posteriormente pola Universidade de Barcelona en Economía, sendo Doutor en Economía pola mesma universidade, a súa tesis doutoral, interesase polo pensamento e la política económica liberal do século XIX. Dende 2021 é presidente do Consello económico e social de España, gran estudoso e divulgador da economía, mantén un gran compromiso coa cidade de Vigo.

15. DOMINGO VILLAR VÁZQUEZ (ESCRITOR) escritor de renome, autor de novela negra con libros traducidos a moitos idiomas.

Escritor e periodista vigués, coñecido polo seu traballo como guionista de cine e televisión, ademais de pola súa labor realizando crítica gastronómica en radio e colaborando con varias publicacións.

Coa súa primeira novela, Ollos de auga, acadou un grande éxito, tanto nacional como internacional, a súa segunda novela, A praia dos afogados, supuxo a súa consagración no panorama internacional da novela negra, e no ano 2019, publicou O último barco, continuando coas aventuras do seu personaxe principal, o inspector Leo Caldas,

Esta serie de libros foi traducida a máis de 15 idiomas colectando un gran número de premios.

16.- ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ

Arquitecto vigués, é autor dunha obra de extraordinaria calidade que leva moitos anos contribuindo a conformar a paisaxe urbana da nosa cidade. O deseño do Barrio do Cura, a cuidadosa rehabilitación da Casa Torre de Ceta e Arines para a sede en Vigo do Instituto Camoes, os centros de saúde da Dobrada e de Coia ou a rehabilitación do edificio del Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo son só algúns exemplos da súa pegada na cidade. A súa obra cobra especial relevancia na Universidade de Vigo, sendo autor da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, do edificio do Reitorado, do CITE XVI ou da residencia de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 11 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

estudantes. Tamén é froito de Penela a conversión do icónico edificio do antigo hospital Xeral na Cidade da Xustiza.

17.- BEGOÑA VILA COSTAS (ASTROFÍSICA DA NASA)

É astrofísica viguesa especializada no estudo de galaxias espirais. Actualmente reside en Washington DC, onde lidera un equipo composto por máis de mil persoas, e é unha das principais responsables do telescopio espacial James Webb, o que será o substituto do Hubble, foi premiada pola NASA coa medalla ao Logro Público Excepcional por contribuír a misión da axencia espacial norteamericana.

Begoña Vila é un gran exemplo que contribúe a situar nun primeiro plano a perspectiva de xénero na actividade científica.

18.- ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS pola súa permanencia na cidade dende 1988, estudio e divulgación das linguas e a súa gran aportación o ámbeto cultural da cidade.

A escola Oficial e idiomas abre as súas portas en Vigo no ano 1988 con 16 profesores de inglés, francés, alemán e galego e con 1.500 alumnos matriculados iniciando a súa andadura na Casa da Cultura, onde as paredes eran de papel e se escoitaban os radio-casetes que levaban os profesores a clase e coa administración e a conserxería instalados na escaleira. A situación mellorou cando o Colexio Pardo Bazán lles cedeu catro aulas. O novo centro, en Martínez Garrido, abriu no curso 91-92.

Na actualidade a oferta educativa da EOI de Vigo distribúese en máis de 200 grupos asinados a nove idiomas (inglés, alemán, chinés, francés, italiano, xaponés, español para estranxeiros, galego e portugués) e repartidos a súa vez en seis seccións: Vigo, Cangas, Coia, Nigrán, Ponteareas, Redondela Tui.

19. -ASOCIACIÓN MUTUALISTA DE RESIDENTES DE VIGO DE BUENOS AIRES

A Unión de Veciños dos Municipios de Vigo e Lavadores de Bos Aires fundouse o 12 de outubro de 1918, antes existía o Centro Vigüés, presidido por Antonio Varela Gómez, quen impulsou a creación do Centro Galego de Buenos Aires. Esta fusión de entidades para fundar o Centro Galego, fai desaparecer o Centro Vigüés. Na sociedade Residentes de Vigo convivían emigrantes do Concello de Vigo e dos Lavadores. Estes últimos estiveron moi influenciados polo movemento agrario. O 12 de outubro de 1918 constituíuse a Unión de Veciños de Vigo e Lavadores de Buenos Aires con setenta persoas afiliadas, que pasaron a 350 en 1934 e descenderon a 292 ao ano seguinte. Ofrecíalles aos seus asociados e asociadas unha mutua -ás persoas enfermas se lles concedeu un subsidio e ás necesitadas pagábanselles os gastos de repatriación- un consultorio médico e un consultorio xurídico. Por diferenzas políticas prodúcese unha ruptura, creando o Círculo Vigüés de Buenos Aires co obxectivo de reunir a toda a cidadanía viguesa das distintas clases sociais. Na actualidade a súa actividade céntrase en actividades culturais e sociais. O seu coro social é un dos máis prestixiosos de Argentina, sendo a súa directora Milagros Seijó a súa propia sede está no barrio de Boedo, na Cidade de Buenos Aires.

20.- UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA DE CABRAL 75 anos referente en Galicia polo seu traballo en prol do fútbol dos nenos e nenas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 12 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con 75 anos de historia é o Club máis emblemático da cidade cunha longa e fecunda travesía labrada co esforzo de moitos en favor do fútbol base.

Un clube modesto cun proxecto deportivo que a través das herdanzas recibidas e a planificación dun traballo ben feito experimenta un crecemento constante formando xogadoras e xogadores na práctica dun deporte en forma de lecer e que noutros casos serviu como método de lanzamento para progresar e conseguir soños no fútbol profesional ou semi-profesional.

C) Incidencia económica

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

D) Competencia

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo, a proposta da Concellería de Xestión Municipal, e no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación, arts. 127 da Lei 7/85 e Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, e resolución de alcaldía de data 16 de abril de 2021, e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de abril de 2021 de modificación de competencias

De conformidade co exposto, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobado a concesión dos galardóns de "Viguesas e Vigueses Distinguidas/os 2022", consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, ás persoas e entidades que se conteñen na parte expositiva do informe, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren nos candidatas e candidatos propostos seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 13 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- EX AEQUO OS CENTROS ESCOLARES CON MAIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE:

- 1.- COLEXIO PLURILINGÜE DON BOSCO SALESIANAS VIGO (50º ANIVERSARIO)
- 2.- CEIP RÍA DE VIGO
- 3.- CEIP SAN SALVADOR DE TEIS
- 4.- CEIP EDUARDO PONDAL

- EX AEQUO CENTROS FORMACIÓN PROFESIONAL CON MÁIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE.

- 5.- CENTRO EDUCATIVO MARCOTE ACEIMAR
- 6.- COLEXIO VIVAS
- 7.- COLEXIO FOGAR AFUNDACIÓN
- 8.- POLITÉCNICA MARÍTIMO-PESQUEIRA DO ATLÁNTICO

- EX AEQUO ASOCIACIÓN VECIÑAIS polos seus 50º e 40º aniversarios respectivamente.

- 9.- CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES
- 10.- CENTRO ALBORADA

- EX AEQUO IN MEMORIAM

11.- CARLOS ALONSO COMESAÑA (SAN ANDRÉS DE COMESAÑA) polo seu labor na asociación de veciños de San Andrés de Comesaña.

12.- JOSÉ GARCÍA LÓPEZ “PEPE XEITO” polo seu labor e sua participación activa facendo de Cachamuíña na Reconquista e polo seu traballo polo Casco Vello.

13.- VICENTE RODRÍGUEZ ABEIJÓN gran músico e compositor vigués

14.- ANTÓN COSTAS COMESAÑA (PRESIDENTE DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL) polo seu prestixio como economista, estudoso e divulgador da economía de Vigo e polo seu gran compromiso coa Cidade.

15.- DOMINGO VILLAR VÁZQUEZ (ESCRITOR) escritor de renome, autor de novela negra con libros traducidos a moitos idiomas.

16.- ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ arquitecto vigués

17.- BEGOÑA VILA COSTAS (ASTROFÍSICA DA NASA) É astrofísica viguesa especializada no estudo de galaxias espirais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 14 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

18.- ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS dende o ano 1988 impartindo docencia na Cidade, nove linguas, seis mil alumnos e diversas delegacións pola comarca de Vigo. Gran actuación no ámbito cultural de Vigo.

19.- ASOCIACIÓN MUTUALISTA DE RESIDENTES DE VIGO DE BUENOS AIRES

20.- UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA DE CABRAL polo seu 75º aniversario formou centos de xogadores e xogadoras de Vigo. Referente en Galicia polo seu traballo no ámbito deportivo.

SEGUNDO.- “Notificar o presente acordo ás/ós galardoadas e galardoados e publicar o mesmo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

A xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, con data 17.03.22, emite o correspondente informe xurídico.

Con data 21.03.22, a concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal modifica o informe proposta, do seguinte xeito:

“O día 17 de marzo a Concelleira-delegada de Xestión Municipal asinou o informe-proposta de nomeamento de Vigueses Distinguidos 2022, no uso das competencias que lles atribúe a vixente lexislación, arts. 127 da Lei 7/85 e Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, 12 de marzo e 16 de abril de 2021.

No citado informe-proposta detectáronse unha serie de erros nos seguintes puntos:

- Na proposta: Apartado A – punto 9 e 10
Apartado B – punto 9 e 10
- No acordo: punto Primeiro – 9 e 10

Esta concellería ten atribuída a competencia de rectificar os citados informes segundo o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Segundo o establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 15 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias, e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, 12 de marzo e 16 de abril de 2021,

RESOLVO:

Rectificar os erros detectados no informe-proposta de nomeamento de Vigueses Distinguidos 2022.

Onde di:

PROPOSTA

A) Distinguid/as/os-

EX AEQUO ASOCIACIÓNS VECIÑAIS polos seus 50º e 40º aniversarios respectivamente.

9.- CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES

10.- CENTRO ALBORADA

B) Motivación para outorgar a distinción

- *EX AEQUO ASOCIACIÓNS VECIÑAIS polos seus 50º e 40º aniversarios respectivamente.*

10.- CENTRO ALBORADA (40 anos)

En 1982, a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga, en Vigo, comezou a súa laboura preventiva, asistencial e de incorporación social no campo das drogodependencias, coa apertura da Comunidade Terapéutica Alborada, en Tomiño. Rapidamente se lle foron sumando a Unidade Asistencial de Drogodependencias e o Centro de Día.

A asociación viguesa Alborada non traballa só na atención de drogodependencias e de adiccións sin sustancia como ludopatías ou abuso do móbil, senón que xestiona tamén dende hai 20 anos un centro de día de menores, que atende aos adolescentes "en conflito" pola súa situación persoal, social ou familiar e que lles deriva a Consellería de Política Social. Dende a súa apertura atenderon xa a 900 menores de idade, tanto de familias con nivel económico e cultural alto como con poucos recursos.

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dos galardóns de "Viguesas e Vigueses Distinguidas/os 2022", consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, ás persoas e entidades que se conteñen na parte expositiva do informe, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren nos candidatas e candidatos propostos seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 16 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- EX AEQUO ASOCIACIÓNS VECIÑAIS polos seus 50º e 40º aniversarios respectivamente.

9.- CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES

10.- CENTRO ALBORADA

Debe decir:

PROPOSTA

A) Distinguid/as/os-

EX AEQUO ASOCIACIÓNS VECIÑAIS polos seus 50º aniversarios.

9.- CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES (51 anos)

10.- Asociación Cultural e Deportiva Xestas de Bembrive (52 anos)

B) Motivación para outorgar a distinción

- EX AEQUO ASOCIACIÓNS VECIÑAIS polos seus 50º aniversarios.

9.- CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES (51 anos)

10.- Asociación Cultural e Deportiva Xestas de Bembrive (52 anos)

Activo centro cultural e deportivo dinamizador do barrio con atención permanente á colectividade.

Atención aos deportes urbanos que ademais da actividade física, involucran unha serie de regras e normas a desempeñar onde a capacidade física e técnica do competidor son a base primordial para determinar o seu resultado.

No desenvolvemento destas actividades a asociación vólvese tantos cos deportistas como cos visitantes cunha capacidade de atención e organización excelentes.

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidas/os 2022”, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, ás persoas e entidades que se conteñen na parte expositiva do informe, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren nos candidatas e candidatos propostos seguintes:

- EX AEQUO ASOCIACIÓNS VECIÑAIS polos seus 50º aniversarios:

9.- CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES (51 anos)

10.- Asociación Cultural e Deportiva Xestas de Bembrive (52 anos) “



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 17 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En data 21.03.22, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial emite informe xurídico conforme ás modificacións do informe proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación (tres telematicamente), dos vinte e sete que que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO.

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidas/os 2022”, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, ás persoas e entidades que se conteñen na parte expositiva do informe, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren nos candidatas e candidatos propostos seguintes:

- EX AEQUO OS CENTROS ESCOLARES CON MAIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE:

- 1.- COLEXIO PLURILINGÜE DON BOSCO SALESIANAS VIGO (50º ANIVERSARIO)
- 2.- CEIP RÍA DE VIGO
- 3.- CEIP SAN SALVADOR DE TEIS
- 4.- CEIP EDUARDO PONDAL
- EX AEQUO CENTROS FORMACIÓN PROFESIONAL CON MÁIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE.
- 5.- CENTRO EDUCATIVO MARCOTE ACEIMAR
- 6.- COLEXIO VIVAS
- 7.- COLEXIO FOGAR AFUNDACIÓN
- 8.- POLITÉCNICA MARÍTIMO-PESQUEIRA DO ATLÁNTICO

- EX AEQUO ASOCIACIÓNS VECIÑAIS polos seus 50º aniversarios .

- 9.- CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES (51 ANOS)
- 10.- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS DE BEMBRIVE (52 ANOS)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 18 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- EX AEQUO IN MEMORIAM

11.- CARLOS ALONSO COMESAÑA (SAN ANDRÉS DE COMESAÑA) polo seu labor na asociación de veciños de San Andrés de Comesaña.

12.- JOSÉ GARCÍA LÓPEZ “PEPE XEITO” polo seu labor e sua participación activa facendo de Cachamuíña na Reconquista e polo seu traballo polo Casco Vello.

13.- VICENTE RODRÍGUEZ ABEIJÓN gran músico e compositor vigués

14.- ANTÓN COSTAS COMESAÑA (PRESIDENTE DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL) polo seu prestixio como economista, estudoso e divulgador da economía de Vigo e polo seu gran compromiso coa Cidade.

15.- DOMINGO VILLAR VÁZQUEZ (ESCRITOR) escritor de renome, autor de novela negra con libros traducidos a moitos idiomas.

16.- ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ arquitecto vigués

17.- BEGOÑA VILA COSTAS (ASTROFÍSICA DA NASA) É astrofísica viguesa especializada no estudo de galaxias espirais

18.- ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS dende o ano 1988 impartindo docencia na Cidade, nove linguas, seis mil alumnos e diversas delegacións pola comarca de Vigo. Gran actuación no ámbito cultural de Vigo.

19.- ASOCIACIÓN MUTUALISTA DE RESIDENTES DE VIGO DE BUENOS AIRES

20.- UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA DE CABRAL polo seu 75º aniversario formou centos de xogadores e xogadoras de Vigo. Referente en Galicia polo seu traballo no ámbito deportivo.

SEGUNDO.- “Notificar o presente acordo ás/ós galardoadas e galardoados e publicar o mesmo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Concesión Medalla da Cidade e Viguéses Distinguidos
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 23 de Marzo de 2022 09:08:52
Fecha Fin : Miércoles, 23 de Marzo de 2022 09:36:09
Duración : 00:27:17

- HTML



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 19 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3179

- Media (MASTER)

SHA512 -

dd3a7c40beb360b0f42b144e1e2aeb8d513affea883c146ad6c973b28e57650b408749f89de20391871500398cd8a3247babbde342d5e12220b542f9db65b416

- Minutaje

- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; Lopéz Font, Carlos; Losada Álvarez, Abel; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Aguiar Castro, Yolanda; Gómez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, María Eugenia; Lago Barreiro, María del Carmen; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, José Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Ángel; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; López Román, Patricia; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Igrexas, Xabier.
- 00:00:24 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:00:58 : 1.- Concesión Medalla da Cidade. Expte. 18980/101. Expte. Pleno 3350/1101.
- 00:01:22 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:03:25 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:03:28 - Pérez Correa, Rubén
- 00:08:33 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:08:37 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 00:13:41 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:26:30 - Votación [9:35:24]
- 00:26:45 : 2.- Nomeamento de Vigueses Distinguidos. Expte. 18981/101. Expte. Pleno 3351/1101.
- 00:26:47 - Votación [9:35:39]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 6/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022. am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 20 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 21 de 21
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A3AEA6-EH3223-EC2H41-KEZ77H-LKM1VH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		